



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 2/12/2021, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)  
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)  
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)  
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)  
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

#### SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 2/12/2021, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o

Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

### ORDE DO DÍA

- 2.1 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2.2 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.
- 2.3 RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR JOSE RAMON LEMA FUENTES CONTRA O ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN DE 25/11/2021 POLO QUE SE APROBA A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020.
- 2.4 PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2022.
- 2.5 PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE AUDIOGUIAS PARA PASEOS AUTOGUIADOS POR FISTERRA.
- 2.6 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.
- 2.7 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE FISTERRA.
- 2.8 RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.
- 2.9 ROGOS E PREGUNTAS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 21/10/2021, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de 21/10/2021, sendo aprobada por nove votos a favor (4 PP, 4 PSdeG e 1 BNG) e dúas abstencións do Sr. Daniel Juan Benlloch Rivas (PP) e da Sra. Teresa Fernández Martínez por non ter asistido á devandita sesión.

### 2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde-Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención está vacante nesta corporación e esta situación incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	NOVIEMBRE	DECEMBRO	TOTAL
<b>SOLDO</b>	<b>1.214,39 €</b>			
<b>ANTIG</b>	<b>233,70</b>	233,70 €	233,70 €	467,40 €
<b>C.D.</b>	<b>951,46</b>	383,19 €	383,19 €	766,38 €
<b>C.E.</b>	<b>1.912,05 €</b>	552,38 €	552,38 €	1.104,76 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.311,60 €</b>	1.169,27 €	1.169,27 €	2.338,54 €

Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de dous mil trescentos trinta e cinco euros (2.335,00 €).

#### O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **dous mil trescentos trinta e cinco euros** (2.335,00 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de novembro e decembro de 2021.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **3º) RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR JOSE RAMON LEMA FUENTES CONTRA O ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN DE 25/11/2021 POLO QUE SE APROBA A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020.**

Intervén o Secretario – Interventor accidental, manifestando que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o pasado 7/10/2021 acordou aprobar a Conta Xeral do Orzamento referido ao exercicio 2020 e rexeitar as reclamacións, reparos e observacións presentadas en base a que o expediente da Conta Xeral axústase na súa elaboración e aprobación aos trámites legais. Así mesmo, remitir a Conta Xeral aprobada a fiscalización do Tribunal de Contas e ao órgano autonómico que corresponda.

Con data 21/10/2021, o Sr. Alcalde-Presidente mediante o portal de Rendición de Contas, remite ao Tribunal de Contas, a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020, cumprindo co procedemento establecido nos artigos 201 e 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2204, do 5 de marzo, (TRLRFL).

Con data 22/10/2021, o Consello de Contas de Galicia, comunica a este concello que a conta xeral ten a consideración de conta rendida con data 21/10/2021.

O acordo plenario de aprobación da conta xeral do exercicio 2020, foi notificado a José Ramón Lema Fuentes, que o recibiu por medios telemáticos o 26/10/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, cos números 2021/999/00000644 de 25/10/2021, 2021/999/00000659 de 29/10/2021, José Ramón Lema Fuentes realiza peticións para que se lle faciliten certificados e informes sobre a Conta Xeral do exercicio 2020.

Mediante Resolución da Alcaldía 2021/G003/000379 de 9/11/2021, desestímase as peticións realizadas por José Ramón Lema Fuentes. A notificación desta resolución foi recibida por medios telemáticos por José Ramón Lema Fuentes o pasado 9/11/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, cos números 2021/999/0000709 de 13/11/2021, 2021/999/00000735 de 21/11/2021, 2021/999/00000741 de 22/11/2021, José Ramón Lema Fuentes, insiste nas peticións anteriores e solicita que se acorde a abstención do secretario – interventor accidental ao darse o suposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2021/999/00000754 de 25/11/2021, José Ramón Lema Fuentes, presenta recurso de reposición contra o acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión de 7/10/2021, sobre aprobación da Conta Xeral do Orzamento Ordinario de 2020, por non axustarse á legalidade.

Tendo en conta que a aprobación da Conta Xeral é un acto que ten natureza puramente contable, xa que se limitase á consignación dos ingresos e dos gastos do concello durante o exercicio económico de referencia. Por iso, non ten a consideración dun acto administrativo polo que se aproban as operacións nela incluída, senón que a Conta Xeral unicamente se limita a reflexar numérica e contablemente o montante económico de ditas operacións.

Á vista do anterior, o Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSdeG e 2 BNG) e cinco abstencións (grupo Popular), acorda:

1º) Rexeitar o recurso de reposición presentado por José Ramón Lema Fuentes, contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 7/10/2021, en base a que o expediente da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020, axústase na súa elaboración e aprobación aos trámites legais.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo ao interesado, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO DE 2022.**

Intervén o Secretario – Interventor accidental, manifestando que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o pasado 21/10/2021 acordou aprobar inicialmente os orzamentos xerais do Concello de Fisterra para o exercicio económico de 2022, xunto coas súas Bases de Execución e por un importe que ascende, tanto no seu estado de gastos como no seu estado de ingresos á cantidade de 4.308.025,66 €. Tamén acordou aprobar inicialmente o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual. Así mesmo acordo a súa exposición público por prazo de quince días (15) hábiles, mediante anuncio no BOP e Taboleiro de anuncios da Concello, a fin de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

O anuncio de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio de 2022 foi publicado no BOP número 206 de 28/10/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, cos números 2021/999/00000660 de 29/10/2021, José Ramón Lema Fuentes realiza petición para que se lle facilite certificado expedido pola Secretaría-Intervención acreditativa de se no citado orzamento están incluídas os importes correspondentes aos meses de vacacións dos anos 2017, 2018 e 2019 que este concello lle adebeda.

Mediante Resolución da Alcaldía 2021/G003/000390 de 12/11/2021, desestímase a petición realizada por José Ramón Lema Fuentes. A notificación desta resolución foi recibida por medios telemáticos por José Ramón Lema Fuentes o pasado 15/11/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, cos números 2021/999/00000710 de 13/11/2021, José Ramón Lema Fuentes realiza petición para que se lle facilite certificados, informes e demais documentación do orzamento ordinario aprobado inicialmente para o exercicio 2022.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2021/999/00000715 de 15/11/2021, José Ramón Lema Fuentes, presenta reclamación contra o acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión de 21/10/2021, sobre aprobación provisional dos orzamentos xerais do Concello de Fisterra para o exercicio económico de 2022.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que no orzamento aprobado inicialmente, non se recollen os importes reclamados por José Ramón Lema Fuentes, en base a que non constan ordes de servizo que lle impidiran ao reclamante desfrutar dos seus períodos vacacionais, polo que se non desfrutou delas foi por vontade propia.

Á vista do anterior, o Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSdeG e 2 BNG) e cinco abstencións (grupo Popular), acorda:

1º) Desestimar as alegacións formuladas por José Ramón Lema Fuentes, contra a aprobación provisional dos orzamentos xerais do concello de Fisterra para o exercicio económico de 2022. Se por parte de José Ramón Lema Fuentes se recorre este acordo de carácter desestimatorio, e se lle recoñece o dereito á compensación económica pola correspondente xurisdición, xa se habilitará crédito no orzamento correspondente.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Aprobar definitivamente os orzamentos xerais do Concello de Fisterra para o exercicio económico de 2022, xunto coas súas bases de execución e ordenar a súa publicación, co seguinte resumo por capítulos:

## Estado de Gastos

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS (€)
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.370.448,21 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.602.801,00 €
3	Gastos financeiros	2.000,00 €
4	Transferencias correntes	120.407,22 €
5	Fondo de Continxencia	0,00 €
A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións Reais	1.212.369,23 €
7	Transferencia de capital	0,00 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>SUMA TOTAL DE GASTOS</b>		<b>4.308.025,66 €</b>

## Estado de Ingresos

CAPÍTULO S	DENOMINACIÓN	EUROS (€)
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos Directos	873.639,27 €
2	Impostos Indirectos	50.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	624.680,89 €
4	Transferencias correntes	1.831.068,12 €
5	Ingresos Patrimoniais	87.137,32 €
A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenacion de inversión reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	841.500,06 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>SUMA TOTAL DE INGRESOS</b>		<b>4.308.025,66 €</b>

3º) Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Trabajo, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**PERSONAL FUNCIONARIO**

1 – HABILITACION NACIONAL				
PRAZA	Nº	GRUPO	NIVEL	SITUACION
Secretaría - Intervención	1	A1	29	Vacante
2 – ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				
PRAZA	Nº	GRUPO	NIVEL	SITUACION
C) Subescala Administrativa				

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Administrativo	1	C1	20	Vacante
Administrativo Turismo	1	C1	18	Vacante
D) Subescala Auxiliar				
Auxiliar Administración Xeral	1	C2	16	Propiedade

3 – ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL				
PRAZA	Nº	GRUPO	NIVEL	SITUACION
B) Subescala de Servizos Especiais				
B.1) Policía Municipal				
Policía	1	C1	20	Propiedade
Policía	1	C1	20	Vacante

**PERSOAL LABORAL FIXO**

1 - ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL	Nº	GRUPO	SITUACION
D) Subescala Auxiliar			
Auxiliar Administrativo Biblioteca	1	4	Propiedade

2- ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL	Nº	GRUPO	SITUACION
B) Subescala de Servizos Especiais			
B.3) Servizo de Obras, Mantemento e Limpeza			
Capataz de Mantemento e Xefe de Almacén	1	4	Vacante
Operario de Servizos Múltiples	3	5	Propiedade Vacante Vacante
Limpadora	1	5	Propiedade

**PERSOAL LABORAL INTERINO / TEMPORAL**

1 - ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL	Nº	GRUPO
C) Subescala Administrativa		
Administrativo	1	3
D) Subescala Auxiliar		
Auxiliar Administrativo	2	4

2 - ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL	Nº	GRUPO
<b>A) SUBESCALA DE TÉCNICOS</b>		
<b>TECNICO SUPERIOR</b>		
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	1
<b>TECNICOS MEDIOS</b>		
Formadora Ocupacional (Aula Informática)	1	2
Axente TIC	1	2
Normalizadora Lingüística	1	2
<b>B) SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS</b>		
<b>B.1) SERVIZOS SOCIAIS</b>		
Traballadora Social (Interina)	1	2
Traballadora Social (Tempo Parcial)	1	2
Educadora Familiar (Tempo Parcial)	1	2
Auxiliar Administrativo Servizos Sociais	1	4
Auxiliar de Axuda a Domicilio	8	5
<b>B.2) CULTURA E DEPORTES</b>		
Animadora Sociocultural	1	3
Animador Deportivo	1	3
Auxiliar Animador Deportivo	1	4



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

<b>B.3) INFORMACION XUVENIL</b>		
Informadora Xuvenil	1	3
<b>B.4) SEGURIDADE E ORDE PUBLICO</b>		
Auxiliar de Policía Local	1	4
<b>B.5) SERVIZO DE OBRAS, MANTEMENTO E LIMPEZA</b>		
Conductor (camión lixo)	1	5
Peón recollida lixo	2	5
Peón limpeza viaria	1	5
Limpadora	1	5
Operario de Servizos Múltiples (Mantemento)	1	5
Subalterno - Conserxe	1	5

4º) Remitir copia á Administración Xeral do Estado e á Administración da CC.AA., e notifíquese este acordo aos interesados que presentaron alegacións ao acordo do pleno.

### **5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO USO DE AUDIOGUIAS PARA PASEOS AUTOGUIADOS POR FISTERRA.**

Intervén o Secretario – Interventor accidental, manifestando que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o pasado 7/10/2021 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da taxa polo uso de audioguias para paseos autoguiados por Fisterra e someter este expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O anuncio de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio de 2022 foi publicado no BOP número 198 de 18/10/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, cos números 2021/999/00000631 de 19/10/2021, José Ramón Lema Fuentes realiza petición para que se lle faciliten certificados, informes e demais documentación sobre esta Ordenanza.

Mediante Resolución da Alcaldía 2021/G003/000382 de 10/11/2021, desestímase a petición realizada por José Ramón Lema Fuentes. A notificación desta resolución foi recibida por medios telemáticos por José Ramón Lema Fuentes o pasado 10/11/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, cos números 2021/999/0000708 de 12/11/2021, 2021/999/00000711 de 14/11/2021, 2021/999/00000733 de 21/11/2021, 2021/999/00000742 de 22/11/2021, 2021/999/00000743 de 22/11/2021, 2021/999/00000744 de 23/11/2021, 2021/999/00000745 de 23/11/2021, 2021/999/00000755 de 25/11/2021, José Ramón Lema Fuentes, insiste nas peticións anteriores e solicita que se acorde a abstención do secretario – interventor accidental ao darse o suposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2021/999/00000768 de 29/11/2021, José Ramón Lema Fuentes, presenta reclamación contra a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de audioguias para paseos autoguiados por Fisterra, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 7/10/2021.

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSdeG e 2 BNG) e cinco abstencións (grupo Popular), acorda:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Desestimar a reclamación formulada por José Ramón Lema Fuentes, contra a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de audioguías para paseos autoguiados por Fisterra, en base a que o expediente axústase na súa elaboración e aprobación aos trámites legais.

2º) Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo uso de audioguías para paseos autoguiados por Fisterra, coa seguinte redacción:

**"ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO USO DE AUDIOGUIAS PARA PASEOS AUTOGUIADOS POR FISTERRA.**

Artigo 1º) Ao amparo do previsto nos artigo 58 e 20.4.w) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 deste texto legal, este concello establece a taxa polo uso de audioguías para realizar paseo autoguiados polo casco de Fisterra, coñecendo diferentes enclaves do mesmo, que é especificado nas tarifas reguladas no artigo 3º seguinte, que se rexerá pola seguinte ordenanza.

Artigo 2º) Están obrigados ao aboamento da taxa regulada nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos ou actividades prestados ou realizados polo concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º) A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

1 - Alugueiro de audioguías para paseos autoguiados polo casco de Fisterra.

- a) Prezo do servizo por persoa: 2 €.
- b) Prezo do servizo para grupos de máis de 5 persoas: 1 €/persoa
- c) Descontos: Parados que o acrediten coa tarxeta do INEM: 1 €
- d) Prezo para hostalería local: 1 € (copago co establecemento)
- e) Residentes no concello de Fisterra: 1 €

(Aqueles que tiveran ao mesmo tempo a condición de parados e residentes só se poderán acoller a un dos descontos estipulados).

Artigo 4º) A obriga de aboamento da taxa regulada nesta ordenanza comeza no intre no que o usuario solicita o goce dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior. O aboamento efectuarase cando a Oficina Municipal de Turismo facilite a audioguía á persoa que o solicita.

Artigo 5º) No uso da audioguía os solicitantes deberán de presentar o seu DNI na Oficina Municipal de Turismo e asinar un documento facilitado polo Concello de Fisterra, no que figuren os datos persoais e o compromiso de bo uso da audioguía que reciben durante o tempo que dure o seu uso. O usuario comprometerase a coidar o aparello e a entregalo en bo estado, tal e como o recibiu da Oficina Municipal de Turismo.

Artigo 6º) Duración do servizo e penalización: O tempo máximo de duración deste servizo será de dúas horas e media (2,5 horas). As persoas que utilicen as audioguías deberán entregar estas no mesmo lugar onde a recolleron antes de que se cumpra o tempo.

No caso de que alguén se esquecese ou entregase unha audioguía fóra de tempo aboará unha taxa de 0,50 € por cada tramo de 15 minutos que pase do tempo dende que empezou a facer uso do servizo. No caso de que a audioguía sufrira un mal uso ou estragos derivados pola mala





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

utilización do aparello por parte da persoa usuaria, esta persoa deberá de aboar as seguintes cantidades en función da gravidade da avaria:

- Alteración e estrago dos mecanismos técnicos do aparello que non lle permita funcionar plenamente: 100 €
- Rotura e alteración das funcións do aparello ou do seu mecanismo que o deixe inservible: 300 €

### Disposición Final

Esta Ordenanza Fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión realizada o día 7/10/2021, e que quedou definitivamente aprobada, rexerá a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa".

3º) Ordenar a publicación deste acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo uso de audioguías para paseos autoguiados por Fisterra, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello ([https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl))

4º) Notificar este acordo aos interesados que presentaron alegacións durante a información pública, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

### **6) PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.**

Intervén o Secretario – Interventor accidental, manifestando que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o pasado 21/10/2021 acordou deixar sobre a mesa para un posterior estudo, a proposta de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG), manifestando que se trae de novo a plena a proposta coa intención de aprobar inicialmente o artigo 5 da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, no que toca coas licenzas de primeira ocupación / apertura / funcionamento, e proceder co expediente ata a súa aprobación definitiva, toda vez que as tarifas que se están aplicando están totalmente desfasados e necesitamos actualizalas.

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSdeG e 2 BNG) e cinco en contra (grupo Popular), acorda:

1º) Aprobar Inicialmente a modificación do artigo 5.2.c) e do 5.10 da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, co seguinte contido:

*"Artigo 5 . cota tributaria*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 2) Licenzas de primeira ocupación / apertura / funcionamento:

c) Edificaci3ns ou locais con instalaci3ns comerciais, industriais, hoteleiras ou hostaleiras: 1 € por cada m2 ou fracci3n.

10) Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito impositivo desta ordenanza e non apareza especificada nos epígrafes destas tarifas, esixirase unha taxa m3nima de 50 €".

2º) Someter este expediente a informaci3n p3blica e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) d3as h3biles, para a presentaci3n de reclamaci3ns e suxerencias, prazo que comezará a contar a partir do d3a seguinte ao da publicaci3n do anuncio no Bolet3n Oficial da Provincial. Deberá publicarse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º) Simultaneamente, publicarase este acordo no portal web do concello (direcci3n: [https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl)) co obxecto de dar audiencia aos cidad3ns afectados e recabar cantas aportaci3ns adicionais podan facerse por outras persoas ou entidades.

4º) Concluído o per3odo de informaci3n p3blica, as reclamaci3ns e/ou suxerencias presentadas, deber3n resolverse por acordo do Pleno da Corporaci3n.

5º) No suposto de non se presentaren reclamaci3ns ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata ent3n provisional.

6º) Para a entrada en vigor do acordo de aprobaci3n definitiva (expresa ou t3cita) da Ordenanza, deber3 publicarse no Bolet3n Oficial da Provincia o texto integro definitivo da ordenanza, e entrar3 en vigor a partir do d3a seguinte ao da s3a publicaci3n. Así mesmo, estar3 a disposici3n dos interesados na sede electr3nica deste concello ([https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl)).

### **7) PROPOSTA DE APROBACI3N INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE FISTERRA.**

- Interv3n o Tenente de Alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), manifestando que se trae a aprobaci3n deste Pleno da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola venda ambulante de Fisterra, unha vez que xa foi consensuada coa maior3a dos titulares dos postos de venda ambulante.

Ata o de agora os recursos econ3micos que se recadan pola venda ambulante que se realiza neste concello, non son suficientes para sufragar os gastos que nos ocasiona a facturaci3n de Portos de Galicia e o custo do persoal que se adica a este servizo (persoal de oficinas, polic3a local, persoal do servizo de limpeza viaria, etc).

Con esta modificaci3n pasaremos de ter un padr3n anual por importe de 11.952,00 € a ter un padr3n anual por importe de 23.904,00 €

- Interv3n o Sr. Alcalde-Presidente, Jos3 Marcote Su3rez (PSdeG), manifestando que coa recadaci3n que resulte da aplicaci3n da nova ordenanza, incluso poder3amos pensar en desprazar a totalidade do espazo que ocupa a venda ambulante para solo de Portos de Galicia, e desta maneira poder3amos liberar permitir o acceso rodado na totalidade do Paseo da Ribeira, xa que na actualidade os martes e venres pola ma3a, esta zona est3 cortada ao tr3fico rodado.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar Inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola venda ambulante de Fisterra, co seguinte contido:

### *"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VENDA AMBULANTE DE FISTERRA*

#### *Artigo 1º - Fundamento e natureza.*

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Fisterra, establece a taxa pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público local con postos de venda ambulante, que se rexerán pola presenta ordenanza fiscal..*

#### *Artigo 2º - Feito impositivo.*

*Constitúe o feito impositivo desta taxa a instalación, desmontable ou transportable, incluíndo camións tenda, de postos de venda ambulante en todas as súas modalidades, que de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, realicen unha actividade comercial, de conformidade co disposto no artigo 20.3.n) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

#### *Artigo 3º - Suxeito Pasivo.*

*1. Son suxeitos pasivos da presente Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, coa conseguinte licenza ou autorización concedida por este concello.*

#### *Artigo 4º - Responsables.*

*1. Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

*2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das Sociedades e os Síndicos, Interventores ou liquidadores de quebras, concursos, Sociedades e Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

#### *Artigo 5º - Base Impositiva*

*Tomarase como base para determinar o importe a pagar, o número de metros cadrados de vía pública delimitada, para realizar a actividade comercial.*

*A superficie resultante conforme ao paragrafo anterior, hai que engadirlle un metro de ancho en toda a súa lonxitude, que estará a disposición do titular da licenza e da clientela do posto.*

#### *Artigo 6º - Cota Tributaria.*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1. A cota tributaria correspondente á Taxa reguladora na presente Ordenanza será a seguinte:

*Polas licenzas que se concedan para a ocupación de terreos destinados a realización das actividades que de seguido se indican, establecerase unha taxa de 0,27692 € / metro cadrado ou fracción / día:*

- a) *Venda de textil, calzado, mercadorías en xeral, etc.*
- b) *Froitería, hortalizas e produtos para alimentación ao estilo de queixos, xamón, embutidos, ovos, bacallau, etc.*
- c) *Venda de bocadillos, hamburguesas, masas fritas, bebidas, panaderías, pastelerías, xeados, e similares.*
- d) *Realización de actividades consecuencia da existencia de festexos, ao estilo de aparatos automáticos accionados por moedas para entretemento, recreo ou venda de produtos, tómbolas, bambáns, casetas de tiro, tio-vivo, coches de choque, incluídas de ser o caso, as taquillas para a venda de entradas.*
- e) *Calquera outra clase de artigos, non incluídos nos apartados anteriores.*

2. Normas de aplicación das tarefas:

- a) *As contías esixibles de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou efectivamente realizado.*
- b) *As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza fiscal, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realizar o depósito previo a que se refire o artigo 26.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- c) *As licenzas para os aproveitamentos regulados na presente Ordenanza, concederanse inicialmente polo prazo indicado na solicitud de licencia; unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada por días naturais, mentres non se presente a declaración de baixa.*
- d) *A presentación da baixa surtirá efectos a partires do día seguinte ó da súa presentación. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contra, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a Taxa*

*Artigo 7º - Exencións e bonificacións.*

*Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da presente taxa.*

*Artigo 8º - Devengo e período impositivo.*

*O devengo da presente taxa prodúcese:*

- a) *Tratándose de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciar o aproveitamento do dominio público local, previa solicitud e concesión da correspondente licencia.*
- b) *Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, dentro do primeiro trimestre do ano natural e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, nos que o*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

*período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por meses naturais.*

### *Artigo 9º - Normas de xestión.*

*1. De conformidade co previsto no artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando a utilización privativa ou aproveitamento especial regulados na presente Ordenanza leven aparelladas a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou separación e ó depósito previo do seu importe.*

*Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danos.*

*O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.*

*2. As cantidades esixibles con arranxo ás Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.*

*3. As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia.*

*4. Non se consentirá ningunha ocupación de terreos de uso público ata que non se teña aboado e obtido polos interesados a licencia correspondente, de conformidade co previsto no artigo 26.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

### *Artigo 10º - Xestión, Liquidación, Inspección e Recadación.*

*1. A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados na vía de xestión tributaria correspondente ao Concello de Fisterra, de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria e demais leis do Estado reguladoras da materia, así como as disposicións ditadas para o seu desenrolo, consonte co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*2. As cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario, faranse efectivas pola vía de prema, consonte coas normas do regulamento Xeral de Recadación.*

*3. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña aboado e obtido polos interesados a licenza correspondente. As autorizacións terán carácter persoal e non se poderán ceder ou subarrendar a terceiros. O incumprimento desde mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que corresponda aboar ós interesados.*

### *Artigo 11º - Infraccións e Sancións.*

*No relativo a calificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas correspondan no seu caso, estarase a o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, conforme ordena o artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

### *Disposición Derogatoria.*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

*Déixanse sen efecto os acordos plenarios sobre esta materia.*

*En aquilo que non estea expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Sección 3ª, do Capítulo III, Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.*

### *Disposición Final.*

*A presente ordenanza comezará a aplicarse, a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa”.*

2º) Someter este expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias, prazo que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincial. Deberá publicarse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º) Simultaneamente, publicarase este acordo no portal web do concello (dirección: [https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl)) co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais podan facerse por outras persoas ou entidades.

4º) Concluído o período de información pública, as reclamacións e/ou suxerencias presentadas, deberán resolverse por acordo do Pleno da Corporación.

5º) No suposto de non se presentaren reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

6º) Para a entrada en vigor do acordo de aprobación definitiva (expresa ou tácita) da Ordenanza, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia o texto integro definitivo da ordenanza, e entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello ([https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl)).

## **8) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.**

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 319 de 4/10/2021 ata a número 416 de 29/11/2021.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **9) ROGOS E PREGUNTAS**

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿Porque falta a foto do Rei no salón de plenos?

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) manifesta que houbo obras, e que se repoñerá no prazo mais breve posible.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿Publicouse o padrón de lixo do ano 2021 no Boletín Oficial da Provincia?

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, (PSdeG) manifesta que hai dous decretos de aprobación do citado padrón. Fixose un primeiro decreto inicial e coas conseguintes modificacións realizadas sobre o padrón de lixo fixose un segundo decreto definitivo. De todas formas vostedes como concelleiros poden ter acceso ao expediente cando queiran. Este goberno ao igual que cando gobernaba o partido popular, segue coa dinámica de resolver as reclamacións cando chegan os recibos a casa e veñen os veciños a reclamar.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández manifesta: Non hai alternativa a Etical Animals?

- O Sr. Alcalde-Presidente José Marcote Suárez (PSdeG) manifesta que se reduciu a factura considerablemente, incluso lle dixemos a xente que traía animais ao concello, que deixen os animais onde os atopan, xa que pertencen a unha colonia e non poden sacalos da súa colonia.

- Intervén o Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) manifestando que as subvencións que dá a Xunta son para esterilizar. Un ano déronnos a subvención máxima de 3.000,00 €, pero como non estábamos ao día cos pagos ao ano seguinte xa non nos deron a subvención. De todas formas como o concello non poñe os chips nin esteriliza, pois non podemos pedir subvención á Xunta.

- Intervén novamente o Sr. Alcalde-Presidente (PSdeG) manifestando que podemos sacar este servizo a concurso, a ver o que resulta, pero nesta zona a única empresa que cumpre os requisitos para presentarse é XEA (Xestión Ética dos Animais), as outras empresas son de lonxe e non creo que se vaian presentar.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: De que é a factura Carpa Pontevedra? Está na paxina 304 da documentación.

- Intervén o Tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), manifestando que é posible que sexa a que puxo a carpa no concerto da Anchoa. De todas formas respostaremos con maior seguridade no vindeiro pleno.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: o Contrato menor de Modificación Puntual das Normas, a que zonas afecta?

- O Sr. Alcalde-Presidente José Marcote Suárez (PSdeG), non afecta a unha zona en concreto pero, por exemplo, revísanse as alineacións na zona da Insua, pois como xa saben pasou de solo urbano a solo de núcleo rural.

Trátase tamén de regular as construcións que non son plenamente compatibles co planeamento pero que non están fora de ordenación, tal como di o artigo 90.2 da lei do solo de Galicia.

Tamén en Sardiñeiro hai muros tradicionais que se deberían conservar e que están afectados por aliñacións, sobre todo no Camiño de Santiago e temos que darlle unha mellor solución a eses puntos concretos.

Ademais o crecemento do turismo no noso pobo nos derradeiros anos, fai necesaria unha revisión dos usos turísticos, especialmente no referido as vivendas de uso turístico.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: Hai unha resolución pola que se lle concede autorización ao Semáforo. Pero se para facer algo nesa zona necesítase informe, ademais non é moi normal dar as licenzas por resolución da alcaldía.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- O Sr. Alcalde contesta que xa existía informe favorable de Patrimonio e de Costas. O motivo polo que se concedeu a licenza por resolución da alcaldía foi que se lle remataba o prazo para pedir unha subvención.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: En relación co parque infantil da igrexa, onde se ía facer un aparcamento. Nós estamos de acordo con que se faga o parque, pero como se fixo?, a tramos?

- Intervén o Tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) manifestando que non foi a tramos. Fíxose o parque e a maiores fíxose un apartado de Calistenia. Aproveitamos a pedirlle a empresa que estaba facendo o parque que nos colocara os elementos da Calistenia, pero ao ir colocando as partes, vemos que faltaban unhas cantas pezas e tardaron 2 meses en enviárnolas. Ese foi o motivo real do retraso, aínda hoxe falta unha abrazadeira e temos unha barra sen colocar.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: Porque se cambiaron de sitio os contenedores da recollida de lixo na rúa Fisterra de Sardiñeiro?

- O Tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), contesta que o noso camiión da recollida de lixo está avariado e estamos traballando con outro camiión mais grande. Cando volva a estar operativo os noso camiión, os contenedores volveran ao sitio de sempre.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: No periódico La Voz de Galicia, pódese ler que Fisterra e Muxía son os únicos concellos que cobraron as terrazas.

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) contesta que non se lle cobrou a ninguén. De todas formas comprobaremos todos os expedientes, para contestarlle con maior seguridade.

- O voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, pregunta: Está previsto continuar co bacheo en Padrís?

- Intervén o Tenente de Alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) manifestando que van continuar cos traballos de bacheo por esa zona.

- Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) manifestando que como este concello non ten estradas provinciais, estamos falando coa Deputación a ver se nos permiten incluír estas estradas nun proxecto futuro.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 21:15 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.